

TRABALLO: "Apadriña un artista"

Neste traballo te converterás nun **mecenas do Renacemento**. Deberás **inventar un personaxe** e preparar unha **exposición oral** en que expliques a quen artista apoiás e dúas obras de arte que haxa encargado.

O **obxectivo** é comprender como era o **mecenado**, coñecer **a arte do Renacemento** e aprender a comentar obras de arte.

PASOS QUE DEBES SEGUIR

1. Inventar un personaxe

Debes crear un **personaxe ficticio** que viva no Renacemento.

Pensa e escribe:

- ✓ Nome do personaxe.
- ✓ Cidade onde vive (Florenxia, Roma, Venecia, Madrid...).
- ✓ Profesión ou cargo (nobre, comerciante, banqueiro, relixioso...).
- ✓ Por que lle gusta a arte e para que encarga as obras.

2. Explicarlle ao artista

Tu personaxe debe explicar:

- ✓ A que **artista real do Renacemento** decidiu apoiar (¿Quen é? ¿Po que é famoso?).

3. Elixir dúas obras de arte

Debes escoller **dúas pinturas ou esculturas** do artista elixido.

E como nun museo, cada obra debe ter a súa **cartela**. Debe incluír:

- ✓ Título da obra.
- ✓ Autor.
- ✓ Data.
- ✓ Técnica.

5. Analizar a obra e as características do Renacemento

Durante a exposición debes explicar que **aparece no cadro ou como é a escultura e que características do Renacemento aparecen nas obras**, por exemplo:

- ✓ Importancia do ser humano (humanismo).
- ✓ Beleza ideal e proporción.
- ✓ Uso da perspectiva.

- ✓ Inspiración na Antigüidade clásica.
- ✓ Realismo e detalle.

Non abonda con nomealas: debes **explicalas usando a obra como exemplo**.

6. Conta o mito ou a historia que representa a obra

Debes explicar:

- ✓ Os que son os personaxes.
- ✓ Que está ocorrendo.
- ✓ Que historia, mito ou escena aparece na pintura.

DATA DE ENTREGA: 8 de marzo

***Calquera dúbida sobre o traballo podes facela en clase ou pola Aula Virtual.**